

ACTA NÚMERO: 16/2024

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 16 DE MAIO DE 2024.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 16 de maio de 2024 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG
- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 9 de maio de 2024 (Reunión 15/2024).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Revenidas, S.C. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo Dakidarría con cargo ao Programa +Música 2024. (Expte.- 2024023829).*
3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Revenidas, S.C. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo The Rapants con cargo ao Programa +Música 2024. (Expte.- 2024024829).*
4. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra". (Expte.- 2023035838).*
5. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de implantación dunha plataforma museográfica virtual para a posta en valor, como recurso turístico, dos castros de Troña e Altamira, e do servizo de soporte e mantemento da mesma, no marco do PRTR Compoñente 14 – Plan de Sostibilidade Turística en destino. (Expte.- 2023076136).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente a documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción e dirección dos proxectos de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente co expediente PRD5000-2021-000382 dentro da convocatoria de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico Programa DUS 5000. (Expte.- 2023076329).*
7. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento formada polas cabinas Netapp da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024014304).*
8. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento formada polas cabinas Netapp da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024014304).*
9. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do expediente para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no municipio de Vilanova de Arousa. (Expte.- 2024003392).*
10. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios que precisan un xuízo de valor do expediente para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no municipio de Vilanova de Arousa. (Expte.- 2024003392).*



11. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do expediente para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local con destino ao emprazamento do arquivo xeral do servizo ORAL da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024000500).*
12. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios que precisan un xuízo de valor do expediente para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local con destino ao emprazamento do arquivo xeral do servizo ORAL da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024000500).*

Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, participa na reunión a través de videoconferencia e tanto a Presidenta como os demais vogais citados asisten de forma presencial.

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 9 de maio de 2024 (Reunión 15/2024).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 9 de maio de 2024 (Reunión 15/2024).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Revenidas, S.C. para optar á adjudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo Dakidarría con cargo ao Programa +Música 2024. (Expte.- 2024023829).

O Secretario informa que por Resolución da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación nº 2024003592, de data 02/05/2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade, de tres actuacións do grupo Dakidarría con cargo ao Programa "+Música 2024".

Na mesma resolución, acordouse invitar á empresa Revenidas, S.C. (CIF J94117678) a presentar proposición económica, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado dende a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL) que se produciu o 03/05/2024.

En data 10/05/2024 a empresa Revenidas, S.C. (CIF J94117678) presentou oferta e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.



A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado (sen IVE)	36.000,00 €
IVE (21 %)	7.560,00 €
Importe ofertado con IVE	43.560,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada por Revenidas, S.C. (CIF J94117678) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo Dakidarría con cargo ao Programa "+Música 2024".

3. Dar conta da oferta presentada pola empresa Revenidas, S.C. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo The Rapants con cargo ao Programa +Música 2024. (Expte.- 2024024829).

O Secretario informa que por Resolución da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación nº 2024003528, de data 30/04/2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade, de tres actuacións do grupo The Rapants con cargo ao Programa "+Música 2024".

Na mesma resolución, acordouse invitar á empresa Revenidas, S.C. (CIF J94117678) a presentar proposición económica, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado dende a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL) que se produciu o 30/04/2024.

En data 10/05/2024 a empresa Revenidas, S.C. (CIF J94117678) presentou oferta e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado (sen IVE)	24.600,00 €
IVE (21 %)	5.166,00 €
Importe ofertado con IVE	29.766,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada por Revenidas, S.C. (CIF J94117678) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo The Rapants con cargo ao Programa "+Música 2024".

4. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra". (Expte.- 2023035838).



O Secretario informa que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria celebrada o día 27/10/2023 acordou aprobar o proxecto de execución da obra "Actividade e obras de oficinas da sede central do Oral en Pontevedra" redactado polo arquitecto D. José Abel Mato Meijome, adscrito á empresa Promove Arquitectura de cun orzamento base de licitación de 277.353,63 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) U7RFRWLAB8KDQGZ0, e no expediente figura acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

A continuación comenta que a Xunta de Goberno na sesión celebrada o día 11/12/2023 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da obra "Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra"

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 11/02/2024 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliabile mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra. As empresas admitidas foron as seguintes:

- ASISTENCIA YI SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L.
- CONSTRUCCIONES ABAL, S.L.
- COVISAM NORTE, S.L.
- DISEÑO ENXEÑARIA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.
- SERVEO SERVICIOS, S.A.U..

A Mesa de Contratación na reunión do día 11 de febreiro de 2024 tamén acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Arquitectura, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Oa Técnicos do Servizo de Arquitectura, Dona Verónica Chaves González, Dona María José Fernández Lamas con data 21/03/2024 e D. Roberto Martínez Padín, con data 22 de marzo de 2024, asinan o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
ASISTENCIA YI SOLUCIONES DE	12,00	1,00	13,00



LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABALLO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L.			
CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	18,00	1,00	19,00
COVISAM NORTE, S.L.	12,00	2,00	14,00
DESEÑO ENXEÑARIA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	12,00	1,00	13,00
SERVEO SERVICIOS, S.A.U.	12,00	1,00	13,00

A Mesa de Contratación na reunión de data 04/04/2024 en base ó informe asinado polos Técnicos do Servizo de Arquitectura, Dona Verónica Chaves González, Dona María José Fernández Lamas con data 21/03/2024 e D. Roberto Martínez Padín, con data 22 de marzo de 2024, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra".

A Mesa de Contratación na reunión do día 4 de abril de 2024 tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
ASISTENCIA YI SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L.	192.520,10 €	3%	36 MESES	SI	NON
CONSTRUCCIONES ABAL, S.L.	227.777,77 €	3%	36 MESES	SI	SI
COVISAM NORTE, S.L.	209.980,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
DESEÑO ENXEÑARIA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	214.969,50 €	3%	36 MESES	NON OBXECTO	NON
SERVEO SERVICIOS, S.A.U.	222.341,34 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por ASISTENCIA YI SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contiña valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir á citada empresa para que xustificara as condicións da súa oferta, en particular



no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispuxeran para executar este contrato.

A empresa, ASISTENCIA YI SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L presentou a xustificación da súa oferta no prazo conferido, dando traslado de dita xustificación ós servizos técnicos do Servizo de Arquitectura para que emitiran o correspondente informe.

A través de informe que consta no expediente con CSV: K82BHF9QCFM1Q88H a técnica do Servizo de Arquitectura Dona María José Fernández Lamas informa que: *“...dada a porcentaxe económica pola que a dita oferta atópase en presunción de anormalidade, respecto á seguinte oferta económica, segundo o establecido no PCAP, considérase que a empresa ASAI, SL, realiza unha xustificación de forma xenérica, pois non presenta ningún tipo de argumento detallado (sistemas construtivos máis eficaces, diminución dos custos indirectos e dos gastos xerais do proxecto, etc.) que xustifique fehacientemente a baixa ofertada. En consecuencia, estímase que non se reúnen os requisitos sinalados no artigo 149 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) para considerar xustificada á oferta anormalmente baixa en canto ao prezo e que poida con ela cumprir o contrato...”*

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE “B”
CONSTRUCCIONES ABAL, S.L.	2,25	5,00	5,00	5,00	17,25
COVISAM NORTE, S.L.	27,88	5,00	5,00	5,00	42,88
DESEÑO ENXEÑARIA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	21,33	5,00	5,00	0,00	31,33
SERVEO SERVICIOS, S.A.U.	10,75	5,00	5,00	5,00	25,75

A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ó órgano de contratación, excluír do procedemento a oferta presentada pola empresa ASISTENCIA YI SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto “Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra” que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE “A”	PUNTUACION SOBRE “B”	PUNTUACIÓN TOTAL
----------	-------------	----------------------	----------------------	------------------



1	COVISAM NORTE, S.L.	14,00	42,88	56,88
2	DESEÑO ENXEÑARIA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	13,00	31,33	44,33
3	SERVEO SERVICIOS, S.A.U.	13,00	25,75	38,75
4	CONSTRUCCIONES ABAL, S.L.	19,00	17,25	36,25

3. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra)" á empresa COVISAM NORTE, S.L., de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado209.980,00 €

IVE (21%)44.095,80 €

Importe Total 254.075,808 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa COVISAM NORTE, S.L., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 5121) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa COVISAM NORTE, S.L. mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

- a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- 1 Xefe de Obra, con titulación de arquitecta/o, arquitecta/o técnica/o, enxeñeira/o ou enxeñeira/o técnica/o ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.



- 1 Encargada/o Xeral, con experiencia para dirixir os equipos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.

b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 10.499,00 €

5. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de implantación dunha plataforma museográfica virtual para a posta en valor, como recurso turístico, dos castros de Troña e Altamira, e do servizo de soporte e mantemento da mesma, no marco do PRTR Compoñente 14 – Plan de Sostenibilidade Turística en destino. (Expte.-2023076136).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial nº 2024001591, de data 26/02/2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “Servizo de implantación dunha plataforma museográfica virtual para a posta en valor, como recurso turístico, dos castros de Troña e Altamira; e do servizo de soporte e mantemento da mesma, no marco do PRTR Compoñente 14 – Plan de Sostenibilidade Turística en destino.”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 26/02/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación, na reunión do 21/03/2024, procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo os licitadores admitidos os seguintes:

- TOURIST INNOVACIÓN 360, S.L. (B42580233)
- PROYECTOS INMERSIVOS, S.A.U. (A56276678)
- KENDRA REALIDADES ALTERNATIVAS, S.L. (B27859321)
- ILUX VISUAL TECHNOLOGIES, S.L. (B70089131)
- ENCLAVE FORMACIÓN, S.L. (B47507603)
- DEUSENS HYPERXPERIENCE, S.L. (B99418956)

Na mesma sesión tamén se procedeu á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondentes aos criterios da avaliación mediante xuízos de valor.

Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación descargada dos sobres “B” ao persoal técnico do Servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra, para que avalíase e ponderase as propostas técnicas segundo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este



procedemento. O servizo de Turismo Rías Baixas remitíu informe, de data 18/04/2024, co CSV nº X8BZ67HYDW852J4A.

A Mesa de Contratación, na reunión de data 25/04/2024, á vista do exposto no devandito informe, acordou propoñer ó organo de contratación a exclusión do procedemento dos licitadores DEUSEN HYPEREXPERIENCE, S.L. (B99418956) e TOURIST INNOVACIÓN 360, S.L. (B42580233), en ambos casos por non acadar o mínimo do 50% requirido da puntuación máxima asinable no Sobre B; e prestar conformidade ás puntuación acadadas polos demais licitadores na valoración técnica das ofertas presentadas para optar á adxudicación do contrato, procedendo na mesma sesión á apertura dos sobres “C” das ofertas que alcanzaron a puntuación mínima requirida nos sobres “B”, sendo os valores ofertados os seguintes:

PROYECTOS INMERSIVOS, S.A.U. (A56276678)

	Implantación	Soporte e mantemento	TOTAL
Prezo ofertado sen IVE	41.195,00 €	4.436,00 €	45.631,00 €
IVE (21%)	8.650,95 €	931,56 €	9.582,51 €
Prezo total ofertado con IVE	49.845,95 €	5.367,56 €	55.213,51 €

KENDRA REALIDADES ALTERNATIVAS, S.L. (B27859321)

	Implantación	Soporte e mantemento	TOTAL
Prezo ofertado sen IVE	53.202,08 €	4.644,60 €	57.846,68 €
IVE (21%)	11.172,44 €	975,37 €	12.147,81 €
Prezo total ofertado con IVE	64.374,52 €	5.619,97 €	69.994,49 €

ILUX VISUAL TECHNOLOGIES, S.L. (B70089131)

	Implantación	Soporte e mantemento	TOTAL
Prezo ofertado sen IVE	52.200,00 €	3.800,00 €	56.000,00 €
IVE (21%)	10.962,00 €	798,00 €	11.760,00 €
Prezo total ofertado con IVE	63.162,00 €	4.598,00 €	67.760,00 €

ENCLAVE FORMACIÓN, S.L. (B47507603)

	Implantación	Soporte e mantemento	TOTAL
Prezo ofertado sen IVE	45.112,37 €	4.857,78 €	49.970,15 €



IVE (21%)	9.473,60 €	1.020,13 €	10.493,73 €
Prezo total ofertado con IVE	54.585,97 €	5.877,92 €	60.463,88 €

A continuación, procedeuse á valoración das ofertas presentadas, de conformidade cos criterios establecidos nos pregos técnicos e de cláusulas económico-administrativas e, con data 15/05/2024 emítese o correspondente informe de puntuacións totais, obtendo PROYECTOS INMERSIVOS, S.A.U. (A56276678) a maior puntuación.

Polo exposto, a Mesa de Contratación acorda:

- 1) Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de implantación dunha plataforma museográfica virtual para a posta en valor, como recurso turístico, dos castros de Troña e Altamira, e do servizo de soporte e mantemento da mesma, no marco do PRTR Compoñente 14 – Plan de Sostenibilidade Turística en destino, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	PROYECTOS INMERSIVOS, S.A.U. (A56276678)	85 puntos
2ª	ENCLAVE FORMACIÓN, S.L. (B47507603)	75,679 puntos
3ª	ILUX VISUAL TECHNOLOGIES, S.L. (B70089131)	61,01 puntos
4ª	KENDRA REALIDADES ALTERNATIVAS, S.L. (B27859321)	38,308 puntos

- 2) Propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado correctamente o requirimento de documentación previsto no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor de PROYECTOS INMERSIVOS, S.A.U. (A56276678), conforme ao seguinte detalle:

	Implantación	Soporte e mantemento	TOTAL
Prezo ofertado sen IVE	41.195,00 €	4.436,00 €	45.631,00 €
IVE (21%)	8.650,95 €	931,56 €	9.582,51 €
Prezo total ofertado con IVE	49.845,95 €	5.367,56 €	55.213,51 €

6. **Apertura electrónica dos sobres “A” correspondente a documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción e dirección dos proxecto de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente co expediente PRD5000-2021-000382 dentro da convocatoria de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico Programa DUS 5000. (Expte.- 2023076329).**



O secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial con numero 2024003368 de data 24/04/2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado do servizo de asistencia técnica para a redacción e dirección dos proxectos de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes co expte PRD5000-2021-000382 dentro da convocatoria de axudas para inversión a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico Programa DUS 5000.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 24/04/2024. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse mediante a plataforma de licitación electrónica Vortal, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polas empresas licitantes.

Posteriormente, se procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e ás propostas avaliadas mediante criterios que precisen un xuízo de valor, achegados polas empresas que participan no procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- Facilita Ingeniería SL B70501317
- Proyectos y estudios técnicos de Galicia S.L. B27159730
- Letter Ingenieros S.L. B19522028
- Sertogal S.L. B32164782

Empresas non admitidas: Ningunha.

Así memo a Mesa de Contratación acorda dar traslado das propostas que conteñen a documentación avaliada mediante criterios de xuízos de valor aos técnicos do servizo de Cooperación para que avalíen e ponderen as citadas ofertas.

7. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento formada polas cabinas Netapp da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024014304).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2024003467 de data 26/04/2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do Servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento formada polas cabinas Netapp da Deputación de Pontevedra.



O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 29/04/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda:

Admitir a única empresa presentada e que é a seguinte:

- EDNON S.L (B36938009)

8. *Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento formada polas cabinas Netapp da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024014304).*

O Secretario informa que a Mesa de Contratación na reunión do día 16 de maio de 2024 procedeu a apertura do sobre “A” do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento formada polas cabinas Netapp da Deputación de Pontevedra. A única empresa presentada e admitida foi a seguinte:

- EDNON S.L (B36938009)

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B”



correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor da única empresa que achega oferta á licitación.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobres "B" que presenta a empresa admitida EDNON S.L., ao persoal técnico do Servizo de Novas tecnoloxías, para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

9. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do expediente para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no municipio de Vilanova de Arousa. (Expte.- 2024003392).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial 2024003155 aprobouse o expediente para a contratación mediante concurso público, do "Arrendamento dun local con destino á oficina periférica do ORAL no concello de Vilanova de Arousa". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 29/04/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir os seguintes empresarios:

– JOSE MARIA DEL RIO ROMA



– ÁNGELA OTERO BERMÚDEZ

10. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios que precisan un xuízo de valor do expediente para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no municipio de Vilanova de Arousa. (Expte.- 2024003392).

A Mesa de Contratación na reunión do día 16/05/2024 procedeu a efectuar a apertura dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento convocado, mediante concurso público, para contratación do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no municipio de Vilanova de Arousa, sendo os empresarios admitidos os seguintes:

- JOSE MARIA DEL RIO ROMA
- ÁNGELA OTERO BERMÚDEZ

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres "B" correspondente aos criterios avaliables mediante xuízos de valor das empresas admitidas.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobre "B" que presentan as empresas admitidas, ao persoal técnico do ORAL, para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

11. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do expediente para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local con destino ao emprazamento do arquivo xeral do servizo ORAL da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024000500).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 19 de abril de 2024, aprobouse o expediente para a contratación mediante concurso público, do "arrendamento dun local con destino ao emprazamento do arquivo xeral do servizo ORAL". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 26/04/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.



O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir a seguinte empresa:

- COMUNIDAD DE PROPIETARIOS ALAMEDA 4 PONTEVEDRA (NIF: H36041564)

12. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios que precisan un xuízo de valor do expediente para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local con destino ao emprazamento do arquivo xeral do servizo ORAL da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024000500).

A Mesa de Contratación na reunión do día 16/05/2024 procedeu a efectuar a apertura dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento convocado, mediante concurso público, para contratación do arrendamento dun local con destino ao emprazamento do arquivo xeral do servizo ORAL da Deputación de Pontevedra, sendo a única empresa presentada e admitida a seguinte:

- COMUNIDAD DE PROPIETARIOS ALAMEDA 4 PONTEVEDRA (NIF: H36041564)

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres "B"



correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor das empresas admitidas.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobre “B” que presentan as empresas admitidas, ao persoal técnico do ORAL, para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinte minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

